

A gala lírica do Jofre repasa aos clásicos

20.30 A Asociación de Amigos de la Lirica de Ferrol organiza unha gala onde se repasan aos grandes clásicos da ópera e a zarzuela. No espectáculo participan algunhas das mellores voces galegas.

Xuntanza de palilleiras e feira medieval

10.30 Durante a xornada de hoxe a parroquia fenesa de San Valentín acolle a XV Xuntanza de Palilleiras e a I Feira Medieval de Artesanía. A actividade complétase con teatro infantil.

Baile das Flores en Valón con premios

23.30 A AVV Cruceiro de Valón organiza no seu local social un baile amenizado polo dúo Maracuyá. Haberá premios para as tres persoas que luzan as flores máis fermosas e orixinais da velada.

A mostra poderá visitarse en Herrerías ata o próximo 31 de xullo Ferrol lembra desde hoxe a fonda relación de Torrente e o mar

REDACCIÓN > FERROL

Desde hoxe e ata o próximo 31 de xullo a sala de exposicións de Exponav, no edificio de Herrerías, acolle unha ampla mostra comisariada polo profesor Ponte Far que subliña a forte relación entre Gonzalo Torrente Ballester e o mar. Trátase doutra das actividades que desde o Concello se están a levar a cabo na conmemoración do centenario do escritor ferrolán. Así, á unha da tarde o alcalde Vicente Irisarri inaugurará a exposición que contén paneis con textos do autor alusivos ao mar, maquetas de barcos e obxectos mariñeiros, obras do Museo Bello Piñeiro e un vídeo sobre a ruta Torrentiana, aquela que vincula vitalmente ao autor de "La saga/fuga de J.B." coa súa cidade natal.

Visitantes > No acto de inauguración desta interesante mostra tamén estarán varios fillos do escritor. Neste caso se trata de Álvaro Torrente Sánchez Guisande e Marisa Torrente Malvido, presidente e vicepresidenta respectivamente da fundación que leva o nome do seu pai.

Para darlle máis forza ao acto, mañá estará en Ferrol unha gran-



O autor ferrolán continúa sendo recordado na súa cidade natal

de amiga de Gonzalo Torrente Ballester, a actriz catalá Nuria Espert, Premio Nacional de Teatro no ano 1984. Con tal motivo, e trala inauguración da mostra, o


alcalde ferrolán presidirá unha recepción no pazo municipal á ilustre actriz, que posteriormente asinará do Libro de Ouro da Cidade.

O Val volverá recrear a lenda da Pena Molexa o próximo día 19

REDACCIÓN > FERROL

O Concello de Narón presentou onte a 13ª edición da recreación da Lenda da Pena Molexa, que se celebra no castro de Vilasuso (O Val). Neste lugar gárdanse na memoria lendas de orixe indoeuropeo que, transmitidas oralmente, narran a historia dunha rocha que se converte en fada na noite solsticial do verán, e a das penas que se converten en guerreiras no Castro de Vilasuso, na mesma noite. Todas serán recreadas polos veciños desta parroquia na noite do día 19 de xuño, na que se espera a participación de 1.500 persoas.

O programa das Lendas da Pena Molexa ten como obxectivo conquistar a participación veciñal a través da súa organización e deseño. Así, a Asociación de Veciños "Os Irmandiños" do Val, a Asociación de Mulleres Zarabanda e a Cooperativa do Val traballaron xunto co Padroado de Cultura



A recreación, na imaxe a de 2008, vai pola súa XIII edición JORGE SARMIENTO

para desenvolver un programa de actos do día 19 de xuño: ás 18:00 horas, xogos populares e deporte rural; ás 20.00 horas, churrascada popular; ás 22.00 horas, concerto de música a cargo do coñecido grupo folk "A Roda". Ás 0.00 horas, recreación da lenda da fada

da Pena Molexa. Finalmente, media hora despois, organizarase unha lumeirada e unha repichoca popular. O programa de actividades está promovido polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, que colabora cunha achega de 18.000 euros.

A Xuntanza de Palilleiras e a Feira Medieval conviven a fin de semana en San Valentín

REDACCIÓN > FERROL

A parroquia fenesa de San Valentín acolle esta fin de semana un completo programa de actividades no que se unen a XV Xuntanza de Palilleiras de Ferrolterra -na que participan medio milleiro de artesás- e unha feira medieval, organizado pola Asociación Cultural Tadetas e a escola de palilleiras do CPS de San Valentín co patrocinio do Concello de Fene.

As actividades desenvólvense no pavillón de deportes do barrio e nunha gran carpa instalada á súa beira. Respecto da xuntanza de palilleiras, hai que sinalar que se sumaron un grande número de bordadoras, tipo de artesanía que segunda, indica a organización "ten moitá incidencia na nosa comarca". Ademais de ver como traballan palilleiras e bordadoras, atoparanse produtos á venda como encaixe e todo tipo de material necesario para confeccionar tales tecidos. Respecto dos horarios desta mostra serán, na xornada matinal, de 10.30 a 14.00 horas, e xa en ho-

CIFRAS

Daranse cita medio milleiro de palilleiras, bordadoras e medio cento de postos de artesanía

rario de tarde a actividade reanúdase entre as 16.00 e as 19.00 horas. En canto á I Feira de Artesanía Medieval, que se prolongará durante o domingo, o evento contará con case medio cento de postos. Entre eles destaca a presenza dun soprador de vidro, que fará demostracións públicas, así como de artesáns da prata, bisutería, ou un panadeiro que lle amosará aos nenos o proceso da fabricación do pan



Teatro > Se o programa non bastase, a Concellería de Cultura organiza hoxe unha obra de teatro infantil. Será "O Deus Pan", de Anima Rúa arredor das 12.00 horas nas instalacións exteriores do Pavillón "A Xunqueira".

A Asociación Columba presenta esta tarde o novo número da súa revista anual

REDACCIÓN > FERROL

Coa presenza da concelleira de Cultura, Mercedes Carbajales, a Asociación Cultural Columba, de Covas, presenta ás 19.00 horas de hoxe na biblioteca da cooperativa o décimo número dunha revista de historia, antropoloxía e cultura que está a gañar un recoñecido prestixio incluso fóra da parroquia ferrolá.

Neste novo número inclúense entre outros traballos de Rosa Méndez Fonte sobre a relación do pintor Vicente Díaz con Covas; un extenso artigo de Santiago Sánchez de Toca acerca das chemineas da parroquia, na que inclúe debuxos de diferentes tipoloxías, ou un artigo da historiadora ferrolá Manuela Santalla acerca dos muíños de Ferrol. Non falta a relación de Covas co mundo da literatura, espazo do que se ocupa o escritor ferrolán Henrique dacosta, moi vencellado ao lugar, ou estudos de toponimia como o de Xavier Monte-



Portada da revista

ro Graña. Tampouco se botan en falta eruditos traballos sobre as baterías de costa na zona, a cargo de José López Hermida, ou estudos científicos como os artigos de Antonio Pego sobre prehistoria, ou de Paulino Gasalla sobre a lúa e os cruceiros.